


Os licénidos (familia Lycaenidae) son bolboretas de voo rápido e pequeno tamaño que na súa grande maioría presentan cores azuladas, marróns ou alaranxadas. As súas antenas aneladas de branco e negro son características. Posúen tres pares de patas aptas para a marcha e soen presentar un dimorfismo sexual marcado. O parecido de moitas especies entre si polo anverso fai que sexa o reverso das ás a mellor referencia para as diferenciar na maioría das ocasións.

Subfamilia Lycaeninae: pequenas alaranxadas...

Lycaena alciphron



3 puntos no centro da zona discal. Cor amarela-alaranxada

Lycaena hippothoe



3 puntos no centro da zona discal. Típica cor óxido

Lycaena phlaeas




Liña fina laranxa na zona submarginal das ás posteriores

Lycaena tityrus



4 puntos no centro da zona discal das ás posteriores

Lycaena virgaurea



Manchas brancas na zona postdiscal das ás posteriores

Subfamilia Theclinae: algunhas verdes, outras con colas

Callophrys rubi



De cor verde, sen liña branca marcada nas ás dianteiras e células de cor branca

Callophrys avis



De cor verde, con liña branca marcada nas ás dianteiras e células de cor óxido

Satyrion esculi



Liña branca pouco marcada nas ás dianteiras. Marca lisa no espazo 1

Satyrion ilicis




Liña branca marcada nas ás dianteiras. Marca moi angulosa no espazo 1

Satyrion spini



Gran mancha azul característica no ángulo anal, xusto baixo as colas

Tomares ballus



Moi peluda. No reverso das ás anteriores manchas negras sobre fondo amarelo

Laeosopis roboris




Reverso alaranxado e banda laranxa submarginal con manchas negras triangulares

Favonius quercus



Grisácea, presenta mancha alaranxada con pupila negra enriba da cola

Thecla betulae



Reverso alaranxado con banda laranxa máis forte e enmarcada en branco na zona postdiscal

★
especies
"raras"
ou moi
localizadas

